

**I CONCURSO AUDIOVISUAL**  
**“ANPAS GALEGAS – Somos Rural”**



# O legado indiano

**CEIP PLURILINGÜE OS CASAIS**

**CÓDIGO: 15025633**

**MANIÑOS (FENE - A CORUÑA)**



## 1.- Introducción

A emigración é un dos fenómenos que mellor definen a Historia Contemporánea de Galicia. O inicio desa diáspora, que continúa a día de hoxe, podemos marcala no 16 de setembro de 1853, cando se autoriza legalmente a saída de emigrantes a Ultramar.

1

Cuba, Arxentina e Uruguai foron os principais países de acollida.

A comarca de Bezoucos non foi allea a este fenómeno migratorio e non foi pouca a veciñanza que abandonou o rural, entre as últimas décadas do século XIX e as tres primeiras do século XX, procurando regresar algún día a Galicia cunha mellor situación económica.

Unha consecuencia deste retorno foi o que se denominou “arquitectura indiana”.

Un patrimonio material presente nas zonas rurais de Fene, Cabanas, Ares e Mugarbos no que destacamos a súa composición de elementos autóctonos mesturados con outras correntes como o historicismo, o modernismo, o eclecticismo ou o racionalismo. Destaca a utilización de novos materiais construtivos como o ferro fundido, o cemento, a tella plana, as láminas de cinc, o vidro policromado, a cerámica, a baldosa ou a incorporación de xardíns con árbores exóticas.

Visualizamos este patrimonio principalmente nas vivendas familiares, reflexo das fortunas adquiridas na América, pero tamén nas numerosas escolas promovidas polas Sociedades de Instrución; na arquitectura civil de ocio, como cines, casinos ou salóns de baile. E en menor medida na arquitectura relixiosa.

En Fene destacamos o Chalé do Adriano, popularmente coñecido pola Casa da Maleta, levantado por Antonio Fernández entre 1921 e 1925.

A “Casa da Florista”, a “Casa de Gómez Casal”, a “Casa Garabana” ou “Vila Lorenza” son outros exemplos deste tipo de vivenda indiana no noso concello.

As e os emigrantes retornados crearon sociedades naturais que buscaban mellorar as condicións de vida das e dos seus conveciños. Dous exemplos deste modelo de asociacionismo son a de Fene, criada en 1910, ou a Sociedade de Instrución Fillos de Limodre en 1925.

Unha das mais importantes achegas das sociedades indianas foi a promoción dunha rede de escolas de carácter público onde se facía un esforzo por aplicar novas pedagogías.



Destacamos o Grupo Escolar Fillos de Limodre, a Escola Concepción Arenal ou a Escola Curros Enríquez en Maniños fundada en 1916.

Dentro da arquitectura civil destacamos o cine Adriano ou a Pista de Baile da Sociedade O Pote, fundada en 1926.

Achamos importante a conservación e promoción deste patrimonio coma homenaxe a aqueles e aquelas galegas que emigraron e retornaron como mecenas de diversas iniciativas socioculturais con miras de contribuír ao progreso no rural.

2

## **2.- O proxecto: “O legado indiano en Fene”**

Para levar adiante o proxecto creouse unha comisión conformada por familias, dirección da ANPA e equipo docente.

Na mesma acordamos que o proxecto, nas súas diferentes fases, servira para implicar o maior número de equipas de idades e niveis académicos diferentes aproveitando o mesmo para coñecermos colectivamente o legado indiano no noso concello.

A continuación explicaremos brevemente as actividades realizadas para o proxecto e as que paralelamente desenvolvemos no centro educativo. Dividiremos os apartados en:

- 2.1. Proxecto audiovisual
- 2.2. Proxecto fotográfico
- 2.3. Charla coa historiadora Divina Arnosó
- 2.4. Excursión á Casa da Maleta e o Cine Adriano en Maniños (Fene)
- 2.5. Festa Indiana

### **2.1. Proxecto audiovisual**

A idea do mesmo é dividir os planos entre imaxes do legado indiano con imaxes ficticias que axudan a viaxar no tempo. Para iso mesturamos planos a cor con planos en branco e negro.

Con certa dificultade para condensar nun guión de menos de tres minutos toda a información que queríamos dar, unha vez conseguido comezamos co proxecto.

O primeiro foi gravar no estudo da radio do centro escolar a voz en off. Na gravación participou o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.

O seguinte paso foi a elaboración do “storyboard” escollendo cales ían ser as diferentes localizacións do vídeo.



A gravación do mesmo fixose en dúas xornadas. Nunha primeira, foron gravados diferentes planos cun dron. A segunda xornada tivo lugar o domingo 2 de abril coa participación de 4 alumnas (2º, 3º, 4º e 5º) e varias familias para gravar a parte de representación e en tarefas de produción. Tamén se colleron diferentes planos e recursos do legado indiano. A gravación realizouse cun teléfono móbil.

A montaxe realizouse de maneira amateur por parte doutra familia, reducindo as máis de 4 horas de gravación aos 3 minutos finais.

3

## 2.2. Proxecto fotográfico

Para escoller as dez fotos que acompañan este proxecto o Centro Educativo solicitou a participación das familias de 2º a 6º de EP para que enviaran unha foto dalgún dos elementos indianos presentes no noso concello. Para garantir unha ampla variedade enviouse unha lista de 5 elementos por ciclo educativo. Dende o Centro Educativo animouse a botarlle imaxinación e moitas familias caracterizáronse para a foto.

Posteriormente, entre todas as fotos que chegaron, fíxose unha exposición no centro e unha votación das que saíron as 10 elixidas para presentar ao concurso.

## 2.3. Charla coa historiadora Divina Arnosó Romero

O día 22 de marzo, a historiadora Divina Arnosó, experta na catalogación da arquitectura popular fenesa, achegouse ao centro educativo e impartiu dúas charlas sobre esta temática a todo o alumnado de Educación Primaria. Divina é mestra de xeografía, historia e arte dende hai 30 anos. Ela percorreu todo o concello de Fene catalogando, e deixando constancia da existencia de moitas edificacións e construcións importantes para entender o pasado, e así que se poida coidar e manter en boas condicións, como neste caso o patrimonio indiano de Fene na actualidade e no futuro.

## 2.4. Excursión á Casa da Maleta e o Cine Adriano en Maniños (Fene)

O 28 de abril o alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria realizou unha excursión a pé para coñecer o Chalé do Adriano, coñecido popularmente como a Casa da Maleta. Na excursión realizaron unha visita guiada polo interior da vivenda no que comprobaron de primeira man os novidosos e excepcionais elementos arquitectónicos, os materiais de construción, o marabilloso miradoiro cara a ría... Na mesma xornada visitaron o cine Adriano, que, si ben se atopa nun estado de conservación moi inferior á vivenda anterior, non deixa de ser un exemplo magnífico do esforzo que, dende a emigración se fixo polo progreso, educación e cultura dos galegos e galegas da época.

## 2.5. Festa Indiana

No venres 14 de abril dende o Centro Educativo, en colaboración coas familias organizouse unha “Festa Indiana” na que se pediu que as nenas e os nenos viñeran ese día á escola vestidos de época. As familias foron convidadas a acudir a partires das 12:00 e asistir a estrea do vídeo programada para esa hora. Tamén puideron ver a exposición de fotografías que o alumnado e familias de 2º a 6º de Educación Primaria realizaron sobre o patrimonio indiano en Fene, na que contaban cun lugar de honra as 10 gañadoras, tamén se degustaron doces típicos dos países de ultramar aportados polas familias, tiramos fotografías no decorado indiano preparado para a ocasión por parte de dúas veciñas e as súas familias, gozamos de música habanera...E para finalizar todas as familias levaron como recordo deste día un marcapáxinas elaborado pola biblioteca escolar.


4





A coordinadora do proxecto:

Mª José Vta Barreiro



A directora:

Lorena Mª Pita Fraga